

EDUCACIÓN E CULTURA DO MEDO

Con cada vez maior frecuencia recibimos noticias relativas a conflitos, agresións, ameazas..., que teñen lugar en centros educativos ou nas súas inmediacións, algunha moi recente con resultado de morte en Barcelona. Novas deste dramatismo tendíamos a ubicalas noutras áreas, particularmente nos EE.UU, e como consecuencia da facilidade con que os mozos norteamericanos acceden ó mercado, practicamente libre, de armas de calquera calibre, fenómeno moi enraizado na cultura norteamericana, tal e como **Michael Moure** ten investigado no seu libro “*Estúpidos hombres blancos*” e presentado en imaxes no seu oscarizado documental “*Bowling for Columbine*”.

Na citada película aparece **Barry Glassner**, autor dun libro, aínda non traducido ó castelán, titulado “*The culture of fear*”, a cultura do medo, no que denuncia o tratamento que os medios estadounidenses dan ó clima de inseguridade e de medo na sociedade americana logo do 11 de Setembro mesmo sabendo a ciencia certa que os casos de violencia nas grandes cidades norteamericanas teñen descendido significativamente.

Para **Glassner**, esta maneira de sobredimensionar os espazos e os tempos adicados ós sucesos, ás noticias de tribunais, catástrofes, accidentes... que aumentaron de forma significativa nas nosas televisións, especialmente nalgunhas cadeas, non sería casual, senón que estaría en directa relación cos grandes intereses económicos e políticos, beneficiarios desa atmosfera, dese clima de inseguridade xeral. E os beneficiados non serían tan só os mercaderes da morte, os compradores e vendedores de armas, senón tamén as empresas de seguridade, os laboratorios químicos e farmacéuticos... así como os partidarios de priorizar os gastos dos presupostos públicos dos estados en armamento, tecnoloxía militar, defensa e ataque, policía, centros penitenciarios, cámaras de vixianza, etc. mentres que o chamado gasto social, o estado de benestar, pasaría a un segundo plano, a sanidade, a atención pública ós maiores, a educación, a formación, a investigación, a escola pública..., verían diminuída de maneira sistemática a súa financiación.

Estes modelos contrapostos que veño de indicar na priorización dos gastos públicos están tamén, dalgunha maneira, en relación coas distintas formas de afrontar a resolución dos conflitos. Para algúns o método máis eficaz de abordar os crecentes problemas de disciplina e a conflictividade nos centros educativos segue a ser incidir – fundamental e disciplinariamente- sobre as súas manifestacións externas, obviando, con carácter xeral, as causas, ignorando a súa etioloxía, esquecendo a prevención.

Diante de casos concretos de pandillismo, de ameazas, de abusos, non digamos xa de agresións verbais ou físicas, de comportamentos violentos... nun colexio ou instituto, a actitude das autoridades educativas e do profesorado non pode ser, desde logo, mirar para outro sitio. Compre intervir de inmediato desde a perspectiva dun centro educativo, é dicir, educativamente, aplicando, no seu caso, a normativa vixente de carácter disciplinario, mais coa vista posta sempre na modificación de condutas, comportamentos, actitudes e valores, para o que non é suficiente coa imposición das medidas contempladas no regulamento de réxime interior. Sen embargo, esquecemos, con demasiada frecuencia a prevención e fixémonos, cáse que exclusivamente, na intervención puntual disciplinaria.

Mesmo moitos pais e nais non acaban de entender por qué non consiguen controlar ou simplemente entender ós seus fillos e fillas adolescentes. Probablemente as razóns deberíamolas buscar no pasado, na ausencia de criterios preventivos desde as idades máis temperás. Anos e anos declinando ou desviando responsabilidades, anos e anos de incomunicación, de falla de afectos e de cariño, de consentimentos ou de proteccionismo desmedido, fan realidade aquel vello dito de que daqueles ventos chegan estas tempestades. Por eso é tan importante a prevención, por iso é tan relevante a educación nos valores cívicos e democráticos, na cultura da paz, cada día, non tanto con palabras, senón con feitos, co exemplo, na familia, no colexio, no instituto, nos medios de comunicación, na sociedade, na vida e para a vida. Desde logo que pola escola pasan tódolos alumnos e alumnas, tamén os maltratadores e os maltratados, os violentos e mesmo persoas moi novas con riscos psicóticos, agresivos... polo que sempre serían posibles casos puntuais de violencia. Non obstante, a prevención, a adicación de recursos, tempos e espazos, á formación en valores, a fomentar a convivencia, a transformar comportamentos e condutas, a resolver pacificamente os conflitos, segue a ser o camiño máis útil e rentable no sistema educativo.

Traballar sistematicamente a educación para a paz, tal e como establece a lexislación vixente, como un eixe transversal obrigatorio do currículo, non pode limitarse a celebrar o día escolar pola paz cada 30 de xaneiro no aniversario da morte de Mahatma Gandhi ou a conmemorar o día dos dereitos humanos ou o día da muller..., efemérides sen dúbida necesarias pero non suficientes.

O profesorado, os educadores e as educadoras, traballamos a medio ou a longo prazo. Os nosos horizontes temporais non coinciden coa inmediatez periodística. En consecuencia, estamos obrigados a deseñar e a poñer en práctica proxectos educativos de centro e de aula, de carácter permanente, co obxecto de modificar actitudes e promover aprendizaxes que permitan ó noso alumnado manexar técnicas e dinámicas de resolución pacífica de conflitos.

O filósofo e amigo **José Antonio Marina**, que tanto ten estudado o que él denomina como “*nova intelixencia*”, insiste en afirmar que a nosa escola non é intelixente porque entre os elementos máis relevantes da denominada *nova intelixencia* estaría o aprender a resolver conflitos pacificamente. A escola non sería intelixente porque adica moi poucos espazos e tempos a esta cuestión clave. Compre, xa que logo, adicar máis e máis enerxía, a prever, a poñer sobre a mesa os medios humanos e materiais necesarios.

Para non lamentarnos...

Manuel Dios Diz é mestre, licenciado en Xeografía e Historia, e preside o Seminario Galego de Educación para a Paz